

INSTRUCCIÓN DE AUTOAPRENDIZAXE PARA DOMINAR OS DEREITOS DE AUTOR

Como docente, atópase cos dereitos de autor no seu traballo en tres funcións: como autor, como usuario das obras e como profesor dos coñecementos sobre os dereitos de autor. Coa axuda dos materiais da Aula do Dereito de Autor, pode estudar os dereitos de autor dun xeito lúdico e divertido e obter ferramentas para ensinar os dereitos de autor.

Con esta guía de autoaprendizaxe, pode aprender sobre os dereitos de autor de xeito independente. O conxunto dos materiais sobre os dereitos de autor pode considerarse como parte dos seus estudos, a formación continua do profesorado ou os días obrigatorios de formación. Consulte co seu centro educativo ou empresa a situación no seu centro ou lugar de traballo.

Ao rexistrarse no sitio web da Aula do Dereito de Autor, poderá gardar os logros parciais no seu perfil e, por último, imprimir un diploma do seu dominio dos coñecementos sobre os dereitos de autor.

En primeiro lugar, avalíe o seu dominio inicial dos coñecementos sobre os dereitos de autor co formulario de autoavaliación.

Boa sorte na súa viaxe ao mundo dos dereitos de autor!

A. O ESTUDO DOS DEREITOS DE AUTOR

1 Coñecementos sobre os dereitos de autor

- Familiarícese cos termos e conceptos básicos dos dereitos de autor.
- Pense en que tipo de obras están protexidas, quen obtén a protección, que significan os dereitos de autor, que dereitos obtén o autor e por que é importante o respecto dos dereitos de autor.
- Lea a guía dos dereitos de autor e o material de Os dereitos de autor protexen o traballo creativo e vexa o vídeo *Que son os dereitos de autor?*
- Tamén pode atopar máis información sobre os dereitos de autor no sitio web www.auladerechodeautor.org/gl.
- Poña a proba os seus coñecementos co xogo do cuestionario.



2 Habilidades de uso das obras e de busca de información

- Estude como poden usarse diferentes materiais no ensino, como poden incluírse obras no material propio e proxectos no ensino, como poden compartirse ou publicarse traballos, e como poden editarse e modificarse as obras.
- Coñeza as solucións de licenzas para centros educativos e a licenza Creative Commons mediante os materiais da Aula do Dereito de Autor e o sitio web www.auladerechodeautor.org/gl. Repase a guía dos dereitos de autor (páxs. 18-27) e o material de elaboración dun proxecto, os resumos da Aula do Dereito de Autor, as normas para citar as fontes e vexa o vídeo Uso das obras.
- Coñeza que dereitos pode obter polo seu material propio. Estude que tipo de traballos poden estar protexidos.
- Co material do percorrido para a produción persoal do alumno, aprenda as destrezas de busca de información e tomar citas e citar as fontes.
- Programe e elabore o seu propio material didáctico sobre o tema que elixa, p. ex., prepare unha clase de exercicios.
- Poña a proba as súas habilidades cos xogos de verdadeiro ou falso e o bingo.

3 Ensinanza dos dereitos de autor

Comprender e aplicar os fundamentos dos dereitos de autor, así como respectar os dereitos de autor, forma parte da multialfabetización en todos os niveis do ensino e materias e o uso responsable das tecnoloxías da información e a comunicación forma parte dos obxectivos e contidos dos novos plans de estudo.

- Consulte a guía pedagóxica do profesor da Aula do Dereito de Autor.
- Consulte os materiais e os consellos didácticos para todas as clases.
- Programe unha clase para ensinar os coñecementos sobre os dereitos de autor.



B. EXAME FINAL DE COÑECEMENTOS SOBRE OS DEREITOS DE AUTOR

Cando supere os tres xogos para practicar (cuestionario, verdadeiro ou falso e bingo), poderá pór a proba os seus coñecementos no exame final. Cando aprobe o exame final, recibirá un diploma que pode imprimir ou gardar no seu perfil.

Por último, faga o formulario de autoavaliación. Reflexione sobre como se desenvolveu o seu dominio dos coñecementos sobre os dereitos de autor mentres traballaba.

Parabéns! Superou o conxunto de materiais dos dereitos de autor.

